

Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)



CAMBADOS
2017 Cidade Europea do Ano

6º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO ACORDO DE GOBERNO PARA ESTABLECER
MELLORAS FISCAIS NA TRIBUTACIÓN DAS DEVOLUCIÓNS DAS CLÁUSULAS
ABUSIVAS DOS PRÉSTAMOS HIPOTECARIOS.



ACORDO DE GOBERNO PARA ESTABLECER MELLORAS FISCAIS NA TRIBUTACIÓN DAS DEVOLUCIÓN DAS CLAUSULAS ABUSIVAS DOS PRESTAMOS HIPOTECARIOS

Xurxo Charlín Trigo, con D.I. 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

Exposición de motivos:

A recente sentenza do Tribunal Europeo que ven de anular o limite temporal da sentenza do ano 2013 do Tribunal Supremo polas **cláusulas pouco transparentes** que viña introducindo a banca nos prestamos hipotecarios, as denominadas "Cláusulas Suelo", xunto coa sentenza do Tribunal Supremo na que se declaran como abusiva a cláusula dos gastos da hipoteca, abre a porta a unha serie de reclamacións xudiciais por parte dos numerosos afectados, e que so no primeiro dos casos xa se estiman en preto de 4.200 millóns de Euros o importe a devolver polas entidades financeiras.

Pola súa banda a **Dirección Xeral de Tributos** adiantou a publicación de dúas consultas de data 3 de xuño de 2016 (**consultas núms. V2430/2016 e V2431/2016**), nas que aborda a tributación das consecuencias derivadas da declaración de nulidade das cláusulas abusivas. A raíz da sentenza do Tribunal Supremo, comezaron a emitirse sentenzas nese sentido que obrigaron a numerosas entidades bancarias á devolución dos intereses cobrados en abuso da súa posición dominante respecto dos seus clientes, sobre cuxa tributación respondeu a Dirección Xeral de Tributos.

Segundo o órgano consultivo, a **declaración de nulidade** das cláusulas abusivas, **carrega que a restitución ao contribuínte das cantidades pagadas de máis por aplicación daquela non constitúa renda algunha suxeita ao imposto.**

Pero a declaración de nulidade ten unha cara menos amable, xa que supón a obrigación do contribuínte de regularizar as súas deducións por investimento en vivenda. Dese modo, na medida en que tales cantidades formasen parte da base da dedución por investimento en vivenda habitual




En conclusión, instamos á Corporación do concello de Cambados a adotar o seguinte **acordo**:

1.- Que a corporación local do Concello de Cambados inste a Xunta de Galicia a reclamar ó Goberno do Estado, melloras no tratamento fiscal para os contribuíntes afectados pola comercialización de produtos bancarios contratados en lesión dos dereitos dos consumidores, polas cláusulas consideradas como abusivas nos préstamos hipotecarios.

2.- Que a corporación local do Concello de Cambados inste a Xunta de Galicia a reclamar ó Goberno do Estado, a establecer unha lexislación específica no Imposto da Renda das Persoas Físicas que beneficie ós contribuíntes afectados polas cláusulas abusivas dos préstamos hipotecarios, e elimine a tributación dos intereses de demora nas regularizacións das deducións por investimento en vivenda.

En Cambados, a 18 de Xaneiro de 2017.

Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.



EMENDA DO ACORDO DE GOBERNO PARA ESTABLECER MELLORAS FISCAIS NA TRIBUTACIÓN DAS DEVOLUCIÓNS DAS CLAUSULAS ABUSIVAS DOS PRESTAMOS HIPOTECARIOS

Con motivo da aprobación do consello de ministros do pasado venres 20 de Xaneiro, o Real Decreto-lei 1/2017, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de “cláusulas suelo” no cal se atende a parte das demandas do acordo de goberno presentado, pero non a súa totalidade, procede modificar o acordo quedando redactado do seguinte xeito:

Exposición de motivos:

A recente sentenza do Tribunal Europeo que ven de anular o limite temporal da sentenza do ano 2013 do Tribunal Supremo polas **cláusulas pouco transparentes** que viña introducindo a banca nos préstamos hipotecarios, as denominadas “Cláusulas Suelo”, xunto coa sentenza do Tribunal Supremo na que se declaran como abusiva a cláusula dos gastos da hipoteca, abre a porta a unha serie de reclamacións xudiciais por parte dos numerosos afectados, e que so no primeiro dos casos xa se estiman en preto de 4.200 millóns de Euros o importe a devolver polas entidades financeiras.

Pola súa banda o Consello de Ministros do pasado venres 20 de Xaneiro, a través do Real Decreto-lei 1/2017, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de “cláusulas suelo” establece na Disposición Final Primeira, unha modificación da Lei 35/2006 de IRPF establecendo un sistema de tributación especial para as cantidades devoltas en concepto de intereses pola aplicación de cláusulas de limitación de tipos de intereses de préstamos, pero pola contra deixa fora os contribuíntes afectados pola comercialización de produtos bancarios contratados en lesión dos dereitos dos consumidores, como son a cláusula dos gastos da hipoteca, e polo tanto a tributación dos afectados polos acordos ou polas sentenzas que resolvan as controversias sobre esta materia.

Dende o goberno do Concello de Cambados entendemos que se deben establecer regras especiais de cuantificación non so para as cantidades devoltas en concepto de intereses pola aplicación de cláusulas de limitación de tipos de intereses de préstamos, se non tamén para todas as cláusulas

declaradas como abusivas dos préstamos hipotecarios, como son a dos gastos da hipoteca, e que tributen polo tanto ao marxe da norma xeral do imposto.

Introducir unhas medidas fiscais co fin de evitar posibles prexuízos fiscais ós contribuíntes afectados, no caso no que nos atopamos das cláusulas abusivas nos préstamos hipotecarios, o lexislador semella que so entende como tal, as cláusulas de limitación de tipos de intereses de préstamos e non os gastos bancarios. Polo que, entendemos que o Real Decreto-lei 1/2017, debe incluír as cláusulas dos gastos bancarios dentro da Disposición Final Primeira, e incluílos dentro sistema de tributación especial para as cantidades devoltas deste tipo de produtos financeiros considerados como abusivos e lesivos para os contribuíntes e establecerse unha lexislación específica para a tributación e cuantificación das rendas derivadas dos mesmos.

En conclusión, instamos á Corporación do concello de Cambados a adotar o seguinte **acordo**:

1.- Que a corporación local do Concello de Cambados inste a Xunta de Galicia a reclamar ó Goberno do Estado, a incluír dentro do Real Decreto-lei 1/2017 non so ós afectados polas cláusulas de limitación de tipos de intereses de préstamos, senon tamen ós contribuíntes afectados polas cláusulas dos gastos dos préstamos hipotecarios, e de tódalas cláusulas consideradas como abusivas contratados en lesión dos dereitos dos consumidores, nos préstamos hipotecarios en cumprimento de sentenzas ou laudos arbitrais.

2.- Que a corporación local do Concello de Cambados inste a Xunta de Galicia a reclamar ó Goberno do Estado, melloras no tratamento fiscal para os contribuíntes afectados pola comercialización de produtos bancarios contratados en lesión dos dereitos dos consumidores, polas cláusulas dos gastos dos préstamos hipotecarios, e de tódalas cláusulas consideradas como abusivas nos préstamos hipotecarios en cumprimento de sentenzas ou laudos arbitrais.

En Cambados, a 23 de Xaneiro de 2017.

Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.

